

EXPERIMENTOS CASEIROS...

... empregando líquidos.

Os experimentos xeran a curiosidade polo descoñecido e o entusiasmo por enfrentarse a un problema. Cos experimentos, os nenos e nenas aprenden dunha maneira activa e significativa e tamén aprenden a importancia de respectar diferentes opinións e de reflexionar para chegar a conclusións correctas. A ciencia en idades temperás axudan a desenvolver o pensamento crítico, a observación e a razoar. AQUÍ TEDES ALGÚNS EXEMPLOS...

- [TINTA INVISIBLE](#):

MATERIAIS:

- Pincel ou bastonciño de algodón.
- Papel branco.
- 1 limón.
- Auga.



PASOS:

- 1º- Espreme o zume de limón nunha cunca e engade unha culler de auga.
- 2º- Mestura todo cun bastonciño ou pincel e escribe unha mensaxe no papel.
- 3º- Deixa secar.
- 4º- Poñer unha candeia debaixo (non poñer o papel moi preto) e poderedes ler a mensaxe!

EXPLICACIÓN:

O zume de limón oxídase e ponse de cor marrón cando se quenta.

[video do experimento](#) (premer)

- "VOLCÁN DE ESCUMA":

Fai que a espuma de xabón se converta en lava mesturando vinagre e bicarbonato.

MATERIAIS:

- Frasco de vidro.
- Xabón de pratos.
- Vinagre.
- Bicarbonato.
- Colorante alimenticio.
- Bandexa.

PASOS:

1º- Verter $\frac{1}{4}$ do recipiente co vinagre.

2º- Añade unhas gotas de colorante alimenticio.

3º- Poñede un chorriño de xabón de pratos e remover.

4º- Agregar unha culler de bicarbonato.

5º- Colocade o bote sobre a bandexa e esperar a ver como o voso volcán caseiro entra en erupción.



[video do experimento](#) (premer)

- "DISOLUCIÓN DE PRODUCTOS NA AUGA":

A idea é que os nenos e nenas predigan cales produtos disolveranse e

cales non, despois, comprobar se acertaron.

MATERIAIS:

- Recipiente con auga (un por cada produto a disolver).
- Diferentes produtos (azúcre, sal, café, arroz, etc).

PASOS:

1º- Ensinar os produtos aos nenos/as.

2º- Teñen que predecir si se van disolver ou non.

3º- Comprobar o experimentado.



- "COMO FACER QUE CHOVA?":

MATERIAIS:

- Auga.
- 1 frasco transparente.
- Xeo.
- 1 prato.


PASOS:

1°- Colocade auga a ferver nun frasco e cubrídelo cun prato.

2°- Deixade pasar un par de minutos.

3°-Colocade un pouco de xeo enriba do prato.

4°-Agora tedes que agardar e observar como comeza a chover



- "AUGA QUE CAMIÑA":

MATERIAIS:

- 3 frascos transparentes.
- Colorante alimenticio.
- Auga.
- Papel de cociña.

PASOS:

1º- Botamos auga en dous frascos e outro quedará baleiro.

2º- Aos frascos con auga engadimoslles dous cores primarios empregando colorante alimenticio.

3º- Colocamos unha folla de papel de cociña dobrada en cada frasco ca

mestura de auga e colorante. Os extremos da folla colocámoslos dentro do frasco baleiro.

4º- Esperamos a que a auga comece a camiñar polo papel.

5º- SORPRESA! QUE COR CREAMOS?... É MAXIA!

CONSELLO: Para facer unha cor secundaria, tedes que botar máis cantidade do colorante claro que do escuro para que este non se "pape" ao mais claro e obter unha mestura perfecta.

CURIOSIDADE: A auga sube por uns tubiños que forman o papel.

Esta é a propiedade que permite que a auga absorbida polas raíces chegue ás follas.

[Video do experimento](#) (premer)

